

Anexo 5. Análise dos modelos de centros para a primeira infancia nas Comunidades Autónomas a través da lexislación sobre os requisitos de ámbito Autonómico.

[Escribir texto]

Contido

Introdución.....	549
ANDALUCÍA.....	551
ARAGÓN.....	557
ASTURIAS.	561
BALEARES.	563
CANARIAS.	567
CANTABRIA.	569
CASTELA-LEÓN.....	573
CASTELA A MANCHA.	575
CATALUÑA.	577
COMUNIDADE VALENCIANA.	579
ESTREMADURA.	581
MADRID.	583
MURCIA	587
NAVARRA	589
PAÍS VASCO.	591
A RIOXA	593
CEUTA E MELILLA.	595

Introdución

A Lei Orgánica de Educación, LOE, no seu Preámbulo di sobre a educación infantil:

Concibida como unha etapa única, a educación infantil esta organizada en dous ciclos que responden ambos a unha intencionalidade educativa, non necesariamente escolar, e que obriga os centros a contar desde o primeiro ciclo cunha proposta pedagóxica específica.

Desafortunadamente, a Lei non desenvolve en ningún outro momento esa intencionalidade educativa *non necesariamente escolar*, o contrario incluso cando fai mención a integración dos nenos con diversidade fala de “escolarización”, de todos os xeitos correspóndelles ás Comunidades Autónomas tanto o desenvolvemento do Currículo como os requisitos mínimos que deben cumprir os centros, así o di no Título preliminar, Capítulo III, artigo 6, currículo, no que recolle que:

“4. As administracións educativas estableceran o currículo das distintas ensinanzas reguladas nesta lei, do cal formaran parte os aspectos básicos sinalados en puntos anteriores. Os centros docentes desenvolveran e completaran, de ser o caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos en uso da súa autonomía e tal como se recolle no capítulo II do título V desta lei.”

Para máis adiante no Título I, Capítulo I sobre a educación infantil agregar no seu Artigo 4 que:

“As administracións educativas determinaran os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil de acordo co previsto neste capítulo. Así mesmo, regularán os requisitos que teñan que cumprir os centros que imparten este ciclo, relativos, en todo caso, á relación numérica alumnado-profesor, ás instalacións e ao número de postos escolares.”

Son polo tanto as CC.AA as que dispoñen das competencias nesta etapa. A Lei permitiu interpretacións para todos os gustos ata o punto de que nalgúns casos foron as propias CC.AA as que pretenderon regular as titulacións de acceso.

Mentres se anulaba o Decreto de *requisitos mínimos dos centros de infantil e primaria* (R.D. 1537/2003), por sentenza do Tribunal Supremo (de 14 de marzo de 2007), ese redactaba outro que substituíra ao de 1991, a realidade camiñaba paralela e as diferentes CC.AA decretaban normas segundo as súas interpretacións e os seus intereses.

Neste anexo vou tratar de recoller algunhas das regulacións máis salientables de todas as CC.AA. Pero como os decretos e regulacións seguen, na súa maior parte, un esquema moi similar vou intentar non repetir normas, condicións e requisitos que se “copian” e “pegan”unhas administracións a outras, polo que só destacarei en cada Comunidade as características que a fan diferente do resto co fin de que o traballo sexa, na medida do posible, máis asimilable.

ANDALUCÍA

Regula a Etapa de Educación Infantil a través da:

- Lei 17/2007, de 10 de decembro, de Educación de Andalucía o Capítulo II refírese a educación infantil.

- Decreto 428/2008 do 29 de Xulio polo que se establece a ordenación e as ensinanzas correspondentes a educación infantil en Andalucía.

- Orde 5 de agosto 2008, pola que se desenvolve o currículo correspondente a educación infantil en Andalucía.

- Decreto 149/2009 do 12 de maio, polo que se regulan os centros que imparten o primeiro ciclo de educación infantil.

Os centros dependen da Consellería de Educación. Diferenza entre os Centros Públicos coa denominación de *Escolas Infantís*, Centros Privados coa denominación de *Centros de Educación Infantil*, e finalmente centros concertados que poden ser tanto as *Escolas Infantís de concerto* ou os *Centros de Educación Infantil de concerto*.

Será a Consellería competente en materia de educación a que inscribirá de oficio no Rexistro de Centros Docentes da Comunidade Autónoma de Andalucía ás escolas infantís que sexan creadas e os centros que sexan autorizados para impartir o primeiro ciclo de educación infantil.

As corporacións locais e outras Administracións e entidades públicas poderán propoñer a creación de escolas infantís das que serán titulares, e toda persoa física ou xurídica de carácter privado poderá crear centros de educación infantil que están sometidos a autorización administrativa para a súa apertura e funcionamento.

Os centros estarán supervisados e controlados pola inspección educativa.

Os requisitos son similares para todas as CC.AA. no caso de Andalucía serán locais de uso exclusivamente educativo e con acceso independente dende un espazo público. Deberán reunir as condicións acústicas, de accesibilidade, de habitabilidade e de seguridade, que se sinalan na lexislación vixente, ademais dos requisitos que se establecen no Decreto 149/2009:

- Unha sala por unidade con 2m² por alumno (mínimo 30m²)

- Sala de menores de dous anos con áreas diferenciadas para descanso e hixiene.
- Espazo para preparación de alimentos si hai menores dun ano.
- Sala de usos múltiples de 30m² (que poderá ser empregada como comedor)
- Patio de uso exclusivo de mínimo 75m²
- Aseo dos de dous a tres anos visible e accesible dende a propia sala e con dous lavabos e dous inodoros.
- Aseo para o persoal, separado das unidades e dos servizos dos nenos e as nenas, con lavabo, inodoro e ducha.
- Espazo diferenciado, mínimo 10 m² para as tarefas de administración e coordinación.

Os profesionais que atendan os centros serán mestres especialistas en educación infantil e técnicos superiores de educación Infantil. Un como mínimo por cada unidade máis un por cada seis unidades ou fracción, aló menos unha das persoas traballadoras estará en posesión do título de mestre especialista en educación infantil.

A ratio máxima será para as:

- unidades de nenos/as menores dun ano de 1/8;
- unidades de un a dous anos 1/13;
- unidades de dous a tres anos 1/20.

As escolas infantís de titularidade da Xunta de Andalucía e os centros de convenio ofrecerán atención educativa diaria de luns a venres, todos os días non festivos do ano, agás os do mes de agosto de 07:30 a 20:00 ininterrompidamente, cunha permanencia no centro educativo non superior ás oito horas diarias continuas ou non, só con carácter excepcional e previa solicitude poderá ser superior.

O mais salientable da lexislación en Andalucía e que xa no Decreto 428/2008 ademais do carácter educativo da etapa fai mención explícita a que:

(...)a educación infantil é, por tanto, a etapa educativa que “atende” aos nenos dende o nacemento aos seis anos.

Este carácter educativo non pode facer esquecer que a “asistencia” dos nenos/as os centros de educación infantil constitúe un dos mecanismos máis eficaces para asegurar a conciliación entre a vida familiar e laboral dos seus pais e nais. Por elo, a labor educativa se engade, especialmente no primeiro ciclo da etapa, un papel de apoio nas tarefas de coidado e

crianza dos seus fillos e fillas, polo que a normativa que regule a organización e o funcionamento dos centros que imparten este ciclo deberán ter en conta tamén esta “función asistencial”¹

No mesmo Decreto no Capítulo III Artigo 8 punto 2 afirman que a “(...) necesaria vinculación entre os contidos e a vida dos nenos e das nenas garantirase dotando de intencionalidade educativa todo o que acontece na vida cotiá do centro” para no Decreto 149/2009 sorprendernos cos artigos máis interesantes e controvertidos de toda a lexislación Andaluza sobre o tema.

Artigo 30. Servizo de atención socioeducativa.

1. Aos efectos do presente Decreto, denominarase servizo de atención socioeducativa o conxunto de actividades de atención o alumnado que, entre ás 07:30 e ás 17:00 horas, realicen as escolas infantís cuxa titularidade corresponda a administración da xunta de Andalucía e os centros de convenio.

Realmente resulta complicado entender o que significa este servizo de atención socioeducativa, qué fan se non no outro tempo? Se esperamos un pouco parece que o 2 punto do artigo resulta máis clarificador.

2. O período de tempo comprendido entre ás 07:30 e ás 09:00 horas será considerado como aula matinal. O centro establecerá as medidas de vixilancia e atención educativa que precisen os nenos e as nenas en función da súa idade e desenvolvemento madurativo.

Todo parece indicar que durante este tempo rexen unhas normas diferentes a outro momento do día, en función de que?, non o explican pero parece permitir establecer un número inferior de profesionais o cargo da vixilancia.

3. O período de tempo comprendido entre ás 09:00 e ás 12:30 horas será o que, preferentemente, emprégase para actividades comúns no desenvolvemento do currículo da educación infantil, recollido no Decreto 428/2008, de 29 de Xulio

Tampouco se entende moi ben a santo de que ben esta diferenciación cando o propio decreto 428 recolle ca “ ...necesaria vinculación entre os contidos e a vida dos nenos e das nenas garantirase dotando de intencionalidade educativa todo o que acontece na vida cotiá do centro”

Artigo 31. Servizo de comedor escolar.

1. As escolas infantís cuxa titularidade corresponde a administración da Xunta de Andalucía e os centros de convenio ofrecerán servizo de comedor escolar para o seu alumnado. O horario destinado a este servizo se axustará en todo caso as necesidades de cada neno ou nena.

¹ A negriña non están no orixinal

2. O servizo de comedor escolar nas escolas infantís cuxa titularidade corresponde a administración da Xunta de Andalucía se contratará, de acordo coas condicións que se establecen no Decreto 192/1997, de 29 de Xulio, polo que se regula o servizo de comedor nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, e na normativa co desenvolve. O centro docente poñerá a disposición deste servizo a sala e o mobiliario básico; o resto de enseres correrá a cargo do adxudicatario do contrato.

3.

Decididamente, a Xunta de Andalucía non debe considerar o tempo de comer como algo cotiá da vida do centro, neste caso o desvincula por completo da vida escolar. Compre lembrar que todos os servizos de comedor da CC.AA están externalizados e que o decreto aludido, 192/1997, e na orde do 27 de Marzo do 2003 contémplassen dous coidadores por cada 60 comensais, e un máis por cada 30, só no caso de alumnos con nee. os seus coidadores atenderanos no comedor, se os houbera.

Moi ben, temos de 07:30 ás 09:00 aula matinal, de 09:00 ás 12:30 desenvolvemento de currículo, de 12:30 ás 14:30 comedor xa que o “(...) horario destinado a este servizo se axustará en todo caso as necesidades de cada neno ou nena” uhhmmm unha sestiña é...

Artigo 32. Servizo de taller de xogo.

1. As escolas infantís cuxa titularidade corresponde a administración da Xunta de Andalucía e os centros de convenio ofrecerán, a partir das 17:00 horas e como servizo complementario, o servizo de taller de xogo no que se desenvolveran actividades pedagóxicas de entretemento e xogo para os nenos e nenas atendidos nos mesmos, de acordo co seu desenvolvemento madurativo. As prazas vacantes poderán ser ofertadas a outros nenos e nenas que non estean matriculados no centro.

2. O establecemento deste servizo estará supeditado a unha demanda mínima de dez usuarios/as por centro.

Realmente o desatino na regulación horaria diferenciando a atención educativa, actividades pedagóxicas, de entretemento, de xogo, vixilancia, fai necesario o proxecto educativo e asistencial diferenciado e que explica que nos documentos se fale de atención educativa e asistencial. A propia programación de actividades parece que acota cada un deses momentos, esta separación de atención coidado e educación resulta manifesta tamén no artigo 25 do Decreto 149 cando o falar dos dereitos das familias di :

2. (...)os pais, nais ou persoas que exerzan a tutela terán dereito a estar informados do desenvolvemento, a evolución, a maduración e a integración social e educativa dos nenos e as nenas que estean baixo a súa representación legal, para o que se establecerán os correspondentes organismos.

3. Asemade, as familias ou persoas que exerzan a tutela terá, dereito a estar informados sobre a alimentación, necesidades fisiolóxicas, estado de saúde e demais aspectos referidos a atención asistencial recibida polos seus fillos e fillas.

Máis claro auga, o decreto Andaluz nunha continua contradición a metodoloxía proposta, diferenza claramente o que é atención asistencial e atención educativa, abrindo incluso unha posibilidade a delimitar nestes terreos as actuacións diferenciadas de distintos profesionais, xa sucede cos comedores, a qué se referirá ca aula matinal ou co servizo de taller de xogo?, claramente os deixa fora do desenvolvemento do currículo.

Aula matinal, comedor, taller de xogo son actividades asistenciais? e polo tanto necesitados de menos profesionais e con menos titulación como sucede co comedor?. Certamente os Decretos da Xunta de Andalucía parecen internarse en terreos que deixan entrever unhas concepcións da atención os coidados e a educación no primeiro ciclo o uso dos pensamentos máis rancios.

Non sorprende tanto, por habitual, a disposición adicional primeira que posibilita a creación de centros educativos incompletos, reduce o número de profesionais e os requisitos mínimos espaciais.

Taxas netas de escolaridade en 0,1,e 2 anos no curso 2011-12

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Andalucía	33,7%	7,9%	33,5%	55,9%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 1. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

ARAGÓN.

Regula a Etapa de Educación Infantil a Orde de 28 de marzo de 2008, do Departamento de Educación, Cultura e Deporte, pola que se aproba o currículo da Educación Infantil e se autoriza a súa aplicación nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Aragón, e a Orde de 25 de agosto de 2005, do Departamento de Educación, Cultura e Deporte, pola que se establecen os requisitos mínimos e instrucións técnicas dos centros que impartan o primeiro ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Aragón. (BOA 106/2005 de 5 setembro de 2005).

Publica a normativa dos requisitos mínimos dos centros nun momento de impas entre a suspensión da aplicación da LOCE e o anteproxecto da LOE.

Os centros dependen do Departamento de Educación, Cultura e Deporte.

Os centros estarán supervisados e controlados pola inspección educativa.

Os requisitos son similares as outras CC.AA , no caso de Aragón serán locais de uso exclusivamente educativo e con acceso independente dende un espazo público. Deberán reunir as condicións acústicas, de accesibilidade, de habitabilidade e de seguridade, que se sinalan na lexislación vixente, ademais dos requisitos que se establecen na Orde de 25 de Agosto de 2005:

- Unha sala por unidade con 2m² por alumno (mínimo 30m²)
- Sala de menores de dous anos con áreas diferenciadas para descanso e hixiene.
- Espazo para preparación de alimentos de mínimo 5m².
- Sala de usos múltiples de 30m² (que poderá ser empregado como comedor)
- Patio de uso exclusivo de mínimo 75m², preferentemente o aire libre, no seu defecto en zoa cuberta con iluminación e ventilación natural mínima de ¼ da superficie en planta de dita zoa.
- Aseo dos de dous a tres anos visible e accesible dende a mesma sala e con dous lavabos e dous inodoros.
- Aseo para o persoal, separado das unidades e dos servizos dos nenos e as nenas, con lavabo, inodoro e ducha.

- Os profesionais que atendan os centros serán mestres especialistas en educación infantil e técnicos superiores de educación Infantil. Un como mínimo por cada unidade máis un, por cada seis unidades ou fracción, aló menos unha das persoas traballadoras estará en posesión do título de mestre especialista en educación infantil.

- A ratio máxima será para as:

- unidades de nenos/as menores dun ano de 1/8;
- unidades de un a dous anos 1/13;
- unidades de dous a tres anos 1/20.

A orde do 25 de Agosto ten como novidade un anexo coas instrucións técnicas, que non atoparemos en ningunha outra lexislación das CC.AA.

Todos estes requisitos quedan reducidos, como en todas as demais CC.AA, cando falan da posibilidade de existencia de centros incompletos ou de disposicións adicionais que autorizan os centros en funcionamento ou amplían os prazos para adaptarse as novas normas. Nestes casos as condicións esixidas nos decretos quedan moi lonxe de cumprirse, un exemplo son esta orde que cando falan de centros incompletos permiten salas de 20m² e 1 metro e medio² por alumno/a, (incumprindo o código técnico de edificación, (Ministerio de Vivienda, 2006) que fala para centros específicos de educación infantil de 2 metros cadrados.

O centro incompleto tamén autoriza locais para a preparación de alimentos de 4m², zona de xogo (patio) de tamaño adecuado, neste caso non fixa nin un mínimo, salas de usos múltiples de polo menos 15m² que poderá empregarse como comedor...

Resulta canto menos complicado imaxinarse a 28² nenos/as menores de dous anos nun “comedor” de 15m², calquera pode facer a proba na súa casa e así comprobar o nivel de “benestar” do que poden gozar.

Non debemos esquecer que tres anos despois cando se publica a Orde de 28 de marzo de 2008 na que se desenvolve o currículo afirman nas Orientacións Didácticas Xerais para o 1º ciclo:

“(..)o espazo escolar lles permite situarse nel, sentilo seu, a partires das súas experiencias e relacións con persoas e obxectos. A distribución do espazo debe adecuarse as variadas e cambiantes necesidades dos nenos, facer posible o sono e o repouso, facilitar aos que se desprazan o acceso e

² 28 porque os centros incompletos poden ter ata dúas unidades mixtas, nas que a ratio máxima autorizada segundo as idades dos nenos é de 14 por unidade.

uso autónomo do espazo e ter presentes as características de cada grupo de idade e as súas necesidades.”

A Orde de 28 de marzo tamén reconece a Educación Infantil como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e as nenas e identifica todas as actividades como educativas e formadoras, considera de carácter educativo todos os momentos da xornada.

Cando fala da organización horaria advirte que:

2. A organización horaria do centro debe realizarse de acordo coas características e as necesidades afectivas e de relación familiar do alumnado, a protección dos seus dereitos, o fomento dos valores da coeducación e a conciliación da vida familiar e a actividade laboral de pais, nais ou titores. (Departamento de Educación Cultura y Deporte de Aragón, 2005)

A orde esténdese no desenvolvemento do currículo diferenciando 1º e 2º ciclo pero nunha estrutura idéntica de obxectivos xerais, contidos, e criterios de avaliación en cada bloque de contidos de cada area de acción. O estilo máis escolar e ortodoxo coñecido.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Aragón	31,7	9,1	33,1	51,3
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 2. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

ASTURIAS.

Regula a Etapa de Educación Infantil mediante a Resolución do 6 de Agosto de 2001, da Consellería de Educación e Cultura, pola que se aproban as instrucións que regulan a organización e o funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de educación Primaria do Principado de Asturias (BOPA 188/2001 de 13 de agosto de 2001) No que non se fai ningunha mención específica ao 1º ciclo de educación infantil, e polo DECRETO 85/2008, de 3 de Setembro, polo que se establece o currículo do segundo ciclo de educación Infantil. Teñen polo tanto sen regular o 1º ciclo da etapa cinco anos despois da aprobación da LOE.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Asturias	16,9	8,1	17,1	24,4
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 3. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

BALEARES.

Ten organizada a etapa de educación infantil mediante a Orde da Consellería de Educación e Cultura, de 2 de Febreiro de 2009, sobre a avaliación dos aprendizaxes do alumnado de educación infantil nas Illas Baleares, o Decreto 78/2008, de 11 de Xulio, polo que se modifica o Decreto 60/2008, de 2 de maio, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros de primeiro ciclo de educación infantil, o Decreto 71/2008, de 27 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil nas Illas Baleares, e polo mencionado Decreto 60/2008, de 2 de maio, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros de primeiro ciclo de educación infantil.

A regulación do primeiro ciclo en canto a espazos e requisitos mínimos é un pouco máis “xenerosa” que as outras comunidades deste xeito contempla:

- Salas para cada grupo cunha superficie mínima de 40m²
 - Na aula de nenos/as de 0-1:
 - Zona de xogo de 2,5m² por neno.
 - Espazo illado para descanso con 1,2m² mínimo por neno.
 - Espazo diferenciado para preparación de biberóns, cun mínimo de 1,8m².
 - -Espazo diferenciado para o troco de cueiros, cun mínimo de 1,8m².
 - -A persoa docente deberá poder ter baixo control permanente o conxunto dos espazos,
 - Na aula de nenos de 1-2 anos:
 - -O mesmo excepto o espazo para quentar os biberóns, e que o espazo diferenciado de descanso se esixe cunha superficie mínima de 8 m² (8m² entre 12 nenos, que é a ratio deste grupo, é igual a 0,666 m² por neno e desa cantidade hai que descontar as zonas de tránsito, cústame traballo visualízalo)
 - Na aula de nenos de 2-3 anos:
 - -Superficie mínima de 2m² por alumno.
 - -Cuarto de baño con mínimo dous inodoros e dos lavabos.
 - -Xa non hai zona diferenciada de descanso, ups.

- -Por cada dúas unidades instalación idónea para a limpeza de corpo enteiro (bañeira, pila ou prato de ducha). Todo con visibilidade e acceso dende a aula.
- Espazo para a preparación e manipulación de alimentos.
 - Nos espazos comúns:
 - Espazo pechado e diferenciado par almacén de medicamentos, utensilios ou produtos de limpeza, non accesibles aos nenos.
 - Aula de usos múltiples de a lo menos 40m²(poderá ser empregada como comedor)
 - Patio de recreo non inferior a 100m² (reducido a 75 na modificación no Decreto 78/2008)
 - Cuarto de baño para uso exclusivo do persoal
 - Sala de despacho e reunións de 10m² como mínimo.

As ratios tamén son algo máis xenerosas neste decreto:

- o Unidades de 0-1 ano: 7
- o Unidades de 1-2 anos: 12
- o Unidades de 2-3 anos: 18

Nos centros “singulares”, de novo, redúcense as condicións mínimas, condicións ás que poden acollerse todos os centros se así o solicitan e xustifican (transitoria sétima).

No caso da regulación das Illas Baleares o máis notable é o referido a Cualificación dos profesionais, deste xeito no Artigo 11 do Decreto 60/2008 redactan:

- “1. A atención educativa directa aos nenos do primeiro ciclo de educación infantil corresponde ao persoal cualificado que estea en posesión de algunha das titulacións ou acreditacións seguintes :
- a) Profesionais en posesión do título de mestres coa especialidade de educación infantil o título de grado equivalente.
 - b) Técnicos superiores en educación infantil ou titulacións equivalentes académica e profesionalmente.
 - c) Certificado de profesionalidade de educación infantil.
 - d) Certificación das unidades de competencia que compoñen a cualificación de educación infantil.
 - e) Profesionais en posesión de calquera outro título ou acreditación declarados equivalentes a algúns dos anteriores o que foron habilitados para a atención a nenos de 0-3 anos.” (Consejería de Educación y Cultura de Baleares, 2008)

Sorprendente inda máis se lle engadimos a este artigo a transitoria cuarta sobre persoal con función docente sen ningunha titulación nin

acreditación profesional, que deben cumprir antes dos catro anos algún dos seguintes requisitos:

- 1 Acreditar ter superado o proceso de idoneidade convocado con esta finalidade.
- 2 Acreditar 2 unidades de competencias correspondentes a cualificación profesional de educación infantil.
- 3 Acreditar ter cursado e superado os cursos que sexan autorizados ou convocados con esta finalidade pola Consellería de Educación e Cultura e que, en todo caso, suporán un mínimo de 250 horas e se axustarán aos contidos das unidades de competencia sinaladas no punto anterior. (ídem)

Sorprende, polos poucos requisitos esixidos, o propio Decreto o xustifica debido: “ A situación actual do mercado laboral non posibilita contar co persoal profesional suficientemente titulado que cobra todos os postos de traballo(...). Por elo se preveñen medidas excepcionais (...)”

Outra novidade é que a normativa reconece como lingua de comunicación e ensinanza a lingua catalá.

A flexibilidade horaria redactase de xeito orixinal: “Os horarios de entrada e saída serán flexibles dentro dos marxes que permiten o funcionamento estable de cada grupo de nenos.”

Outra peculiaridade é que autorizan centros de primeiro ciclo que estean abertos como mínimo 5 meses o ano, para casos de poboacións temporais ou fluxos migratorios.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Balears	21,5	7,0	23,0	33,2
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 4. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

CANARIAS.

Tamén nas Illas Canarias se regula a etapa de educación infantil por medio de diferentes normativas como a Orde de 5 de febreiro de 2009, pola que se regula a avaliación na educación infantil e se establecen os documentos oficiais de avaliación nesta etapa. Orde de 3 de febreiro de 2009, pola que se establece a adecuación dos requisitos para a creación ou autorización de centros que imparten o primeiro ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Canarias, así como a determinación do réxime transitorio regulado no Decreto 201/2008, de 30 de setembro, polo que se establecen os contidos educativos e os requisitos dos centros que imparten o primeiro ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Canarias, Decreto 183/2008, de 29 de Xulio, polo que se establece a ordenación e o currículo do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Canarias.

As condicións reguladas nas diferentes normativas son moi similares as outras CC.AA polo que, como veño facendo, só apuntar os requisitos ou características que pola súa singularidade me chaman a atención dentro dunhas normativas similares.

O Decreto 201/2008 recoñece os centros como “institucións escolares” : “(...) os centros que atenden a nenos e nenas de 0 a 3 anos, en tanto que como centros escolares son ...”

O decreto ademais de referirse aos principios, obxectivos, avaliación da educación infantil de primeiro ciclo conta cun anexo sobre os contidos educativos do primeiro ciclo diferenciando 3 ámbitos:

- Ámbito 1. Coñecemento de si mesmo, autonomía persoal, os afectos e as primeiras relacións sociais.
- Ámbito 2. Descubrimento do entorno.
- Ámbito 3. Os diferentes linguaxes: la comunicación e a representación).

Os tres redactados o máis puro estilo do desenvolvemento de calquera currículo do 2º ciclo.

Como sucede en case todas as normativas das CC.AA despois do texto sobre os requisitos mínimos xurde unha disposición transitoria ou adicional que presenta a excepcionalidade, nuns casos son os centros incompletos, noutros centros en zonas urbanas consolidadas, ou en espazos rurais con

pouca densidade... .No caso de Canarias non se redacta unha transitoria ou unha adicional senón unha Orde a: Orde 3 de Febreiro de 2009 que pretende “regular a conversión das garderías autorizadas ou en trámite de autorización por parte da consellería competente en materia de sanidade en escolas infantís ou centros privados de educación infantil”.

A Orde permite a segundo que centro non cumprir coa normativa, quedando directamente exentos de cumprila os centros dependentes da Consellería de Benestar Social. Os centros autorizados como garderías son autorizados agora se se adaptan ás ratios respectan os requisitos de titulación e os criterios pedagóxicos.

Todas as condicións esixidas no Decreto son reducidas, incluíndo a accesibilidade e visibilidade dos baños, os m², o tamaño dos patios, o número de profesionais e a súa titulación.

“Artigo 8, punto 3. O órgano competente do Goberno de Canarias convocará, dende o curso 2008/2009, procedementos de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias profesionais do título de Técnico Superior en Educación Infantil adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, para favorecer a continuidade laboral das persoas que traballan en garderías con anterioridade a entrada en vigor do Decreto 201/2008” (Consejería de Educación, Universidades, Cultura e Deportes de Canarias, 2009)

O artigo non tería nada de raro, son moitos os procesos de adquisición e acreditación de competencias, se os lexisladores non cometeran a debilidade de especificar a razón da norma: “para favorecer” (sic)

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Canarias	7,1	2,0	5,9	12,3
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 5. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

CANTABRIA.

Regula o 1º Ciclo de educación infantil, que é o que máis me interesa, mediante a Orde EDU/34/2008, de 30 de Abril, pola que se ditan instrucións para a implantación de unidades destinadas aos alumnos de dous anos nos centros públicos que imparten educación infantil e/o educación primaria. O Decreto 144/2007, de 31 de Outubro, polo que se establecen os requisitos que deben cumprir os centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil da Comunidade Autónoma de Cantabria e o Decreto 143/2007, de 31 de outubro, polo que se establecen os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Cantabria nun modelo idéntico a estruturación do 2º ciclo, con división en Áreas de experiencia e desenvolvemento, enumeración de obxectivos, bloques de contidos e orientacións metodolóxicas.

A peculiaridade das normativas desta comunidade non son os requisitos mínimos, moi similares en todas as comunidades e que son sempre rebaixados por adicionais ou centros incompletos ou con especificidades, as peculiaridades destas normas empezan xa no artigo 1 do Decreto 144/2007 cando referíndose o obxecto e ámbito de aplicación din:

“2. Entendese por centros de primeiro ciclo de educación infantil aqueles que prestan un servizo educativo de xeito regular, é dicir, continuada e sistemática, a nenos de 0 a 3 anos de acordo cos contidos educativos correspondentes e os requisitos establecidos neste Decreto.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación de este Decreto os servizos ou establecementos de ocio, atención ou coidado de nenos 0 a 3 anos que non impartan os contidos educativos do primeiro ciclo da etapa e/ou non reúnan os requisitos establecidos no presente Decreto. Ditos centros non poderán impartir Educación Infantil nin denominarse Escolas Infantís.”

O Decreto abre a porta a posibilidade de excluír todos os centros que non impartan os contidos educativos.

Outra peculiaridade da Comunidade Cántabra é a implantación das aulas de 2 anos en determinados centros educativos públicos, o Decreto 143/2007 recoñece que tivo como finalidade: “garantir a igualdade de oportunidades dende idades temperas, lograr o pleno desenvolvemento das capacidades e das potencialidades do alumno, e dar unha resposta adecuada as necesidades dos nenos, e as demandas das familias.”

A Orde EDU/34/2008 pormenoriza a posta en funcionamento das unidades de dous anos, a través dun modelo flexible e de colaboración coas corporacións locais e a Consellería de Educación.

A Consellería se responsabiliza da atención educativa nos períodos lectivos establecidos polos centros educativos.

O concello a través da contratación dun técnico superior en educación infantil pode prestar apoio no tempo lectivo e ofrecer un servizo complementario de atención aos nenos nas horas previas e posteriores o horario lectivo, así como en outros períodos complementarios.

As funcións dos técnicos superiores se recollerán nos convenios subscritos entre a Consellería e a corporación local. Os técnicos dependerán funcionalmente das direccións dos centros públicos. O mestre da aula de 2 anos contará durante o tempo lectivo co apoio dun técnico superior en educación Infantil. En ningún caso se especifica como será ese apoio o que si se di no Decreto é que “en función do número de unidades para os alumnos de dous anos, os centros poderán organizar os apoios dos técnicos para o conxunto da etapa educativa”. O que significa que o falar de “etapa” o técnico pode estar prestando apoio na aula de 5 anos.

A ratio máxima destas unidades de dous anos será de 18 nenos/as.

Se os alumnos de dous anos fan uso do servizo de comedor, estarán atendidos polo técnico superior e o persoal responsable deste servizo complementario.

Establecerase un horario amplo no que as familias poderán empregar o que consideren adecuado sempre que este non sexa superior ás 8 horas e cando menos de dúas horas diarias preferiblemente de 10:00 a 12:00

No referente a escolarización de nenos de 2 anos nas aulas de 2º ciclo de EI , grupos mixtos cos de tres anos,o Artigo 6 di:

“(…)naquelas zonas nas que as condicións sociodemográficas limiten as posibilidades de escolarización do alumno menor de tres anos en unidades específicas do primeiro ciclo de educación infantil , a Consellería de Educación poderá autorizar a escolarización dos alumnos de dous anos en aulas destinadas o primeiro curso do segundo ciclo da educación infantil, sempre que esta reúna os requisitos mínimos establecidos en dito Decreto.”

A ratio destas unidades será de 12 alumnos e terá que contar tamén coa contratación por parte do Concello de un técnico superior para realizar funcións de atención.

Os mestres das aulas de dous anos participaran nas mesmas circunstancias no proceso de adscrición a todas as unidades de educación infantil que teña o centro. Isto en teoría, pois os criterios que se enumeran para facer efectivo este dereito conculca o mesmo:

“1. Permanencia dun mestre co mesmo grupo de alumnos ata finalizar cada un dos ciclos da etapa.” Na practica significa que o mestre destinado a aula de 2 anos estará todos os cursos rematando ciclo polo que terá que escoller novo curso e o fai segundo a orde establecida para tal fin.

Se escolle entre todos os que rematan ciclo ou renuncian o dereito de continuar co grupo de alumnos seguindo esta orde:

- a. Membros da equipa directiva que tiveran destino na educación infantil”.
- b. Mestres definitivos(...) antigüidade no centro.
- c. Mestres provisionais (...) antigüidade no corpo.
- d. Mestres interinos”.

O mestre que está cos nenos de 2 anos remata ciclo todos os cursos polo que ten que escoller, e só poderá adscribirse o 2º ciclo de infantil ben se os compañeiros/as de máis antigüidade escollen voluntariamente a aula de 2 anos ou se pertence a equipa directiva, senón a aula de 2 anos está destinada o mestre con menos antigüidade no centro se así o queren os demais compañeiros. Sería interesante comprobar a mobilidade a estes centros nos concursos de traslados e como se están asignando estas aulas.

Para a ampliación do horario as corporacións locais poderán dispoñer das instalacións destinadas a ditas unidades ata dúas horas antes e despois da xornada escolar, e durante os períodos non lectivos que estableza o calendario escolar.

O consello da revista In-fan-cia escribe no número 120 da revista sobre este tipo de escolarización e di:

“(…)Coa disgregación da etapa, se acompaña unha fisura no proxecto educativo, unha excesiva escolarización da educación infantil e con unha atención as necesidades que presentan os nenos e nenas dende un prisma excesivamente escolar. Creemos co mellor sería avogar pola inminente recuperación dos centros de atención a primeira infancia, independentes das estruturas escolares, e nas cales se permitiría o respecto as características e dereitos da infancia, nun clima sen angustias curriculares e nun clima de relación coa familia moi necesario e demandado tanto por educadores, familias e pequenos “(Cantabria c. r., 2010)

A reflexión que procede neste caso sería a de preguntarse si a escola, como institución, está preparada para adaptarse as características psicobiolóxicas dos nenos/as destas idades? como fan (González Serrano e Tapia Lizeaga, 2009)

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Cantabria	24,0	3,1	9,1	57,9
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 6. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

CASTELA-LEÓN.

A normativa que regula o 1º Ciclo de educación Infantil na comunidade de Castela e León é o Decreto 12/2008, de 14 de febreiro, polo que se determinan os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil da Comunidade de Castela e León e se establecen os requisitos que deben reunir os centros que impartan dito ciclo.

Idéntica en canto requisitos mínimos o visto noutras comunidades, tamén dispón dun Artigo 12. sobre os centros incompletos nos que estes requisitos mínimos se reducen ata situacións que poderían considerarse de amoreamento como 1,5m² por alumno nas salas ou patio de 20m² que pode estar fora do recinto.

Os contidos educativos e principios pedagóxicos os resolve a través dun anexo onde os organiza nas tres áreas habituais:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxe: comunicación e representación.

Chama a atención que:

“(…) os contidos educativos se abordaran por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos. As situacións de rutinas da vida diaria non centros constituirá o eixe vertebrador de ditas actividades.”

Digo que chama a atención porque outra vez, coma ben sendo norma en moitos dos decretos, as “rutinas” convértense no eixe vertebrador das actividades educativas Eu recordo que o significado de rutina é:

rutina

1. Costume inveterada (antiga), hábito adquirido de facer as cousas por mera práctica e sen razoalas.

2. f. Inform. Secuencia invariable de instrucións que forma parte dun programa e pódense utilizar repetidamente.

Non sei onde lle atopan o carácter educativo a facer as cousas sen razoalas o de forma invariable.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Castela e León	16,9%	5,5%	17,2%	28,0%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 7. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

CASTELA A MANCHA.

Esta comunidade regula o 1º ciclo de educación infantil a través do Decreto 88/2009, de 7 de Xulio de 2009, polo que se determinan os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e se establecen os requisitos básicos que deben cumprir os centros que impartan na comunidade autónoma de Castela - a Mancha (DOCM del 10).

O citado documento é realmente “conciso”, por non dicir breve, en canto a requisitos mínimos dos centros, de feito os resolve con catro parágrafos no que destaca:

“d. Contar con espazos suficientes e adecuados para a atención educativa aos nenos e as nenas, incluíndo zonas diferenciadas para o descanso, aseo e cambio, un patio de xogo de fácil acceso, delimitado e protexido para garantir o control e a seguridade dos nenos e as nenas ou, excepcionalmente, un espazo equivalente de uso exclusivo do centro, una sala de usos múltiples e, no seu caso, cociña e zona para a preparación de alimentos.” (Consejería de Educación de Castilla La Mancha, 2009)

Realmente concretar non concreta moito, pero polo menos aforra o traballo de redactar adicionais ou artigos para centros especiais ou incompletos.

Ca ratio non se mostran tampouco moi xenerosos:

“2. O número de nenos e nenas por grupo, que será establecido pola Consellería competente en materia de educación, non poderá ser superior a vinte.” (ídem)

Esténdense no Decreto no referente as competencias que deben acadar os nenos/as ao final do ciclo. No decreto se contemplan estas nove competencias que se adaptarán no seu contido o desenvolvemento evolutivo do alumnado. O decreto refírese as competencias no sentido de:

“ (...) empregar as competencias básicas como referencia para a nena e o neno do primeiro ciclo de educación infantil, implica aceptar que tamén debe ser capaz de facer o que pola súa idade lle corresponde para o seu desenvolvemento madurativo.”

O desenvolvemento destes contidos no documento chega a situacións un pouco ridículas, así na Competencia matemática afirman “(...)a nena e o neno ao rematar o ciclo accederon, de xeito manipulativo e gráfico, o concepto e representación do número.”

Interpreto que está competencia significa que con dous anos un neno ten que coñecer o concepto do número e representalo graficamente, canto menos sorprendente.

Todas as competencias son referidas dun xeito similar, no caso da competencia cultural e artística chegan a redactar:

“(...)o rematar o ciclo será competente para tocar e investigar obxectos, buscar obxectos dentro e fora do seu campo visual, nomear obxectos dunha ilustración, empregar o polgar e o índice como pinza, debuxar liñas verticais e horizontais, facer bolas de arxila e plastilina....”

O xeito no que está redactado explica o absurdo. Paréceme unha empresa inabordable, pretender enumerar e referir nun decreto cantas capacidades e competencias adquirirá un neno/a a idade de 3 anos.

Por se non fora suficiente o anexo II sobre as áreas do primeiro ciclo esténdese na concreción das tres áreas (as mesmas que para o 2º ciclo) a través de obxectivos, contidos estruturados en bloques e distribuídos por áreas, recollen coñecementos, destrezas e actitudes e finalmente os criterios de avaliación que responden, sempre segundo o documento,: “(...) a mesma finalidade, ten as mesmas características e os mesmos ámbitos que no resto das etapas(...)”

O anexo III proporciona “orientacións para o desenvolvemento de procesos de ensino-aprendizaxe.” Comparando o “proxecto educativo e social” coa “Constitución”.

Certamente as “orientacións” non son tales xa que vai describindo os elementos que deben contemplar os proxectos ou as programacións nas que segundo o documento débense incluír: “os procedementos de avaliación do alumnado e os criterios de calificación e de recuperación”.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Castela- A Mancha	33,9%	10,2%	35,6%	54,4%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 8. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

CATALUÑA.

Regula o seu ciclo 0-3 e os requisitos dos centros mediante o Decreto 282/2006, de 4 de Xulio, polo que se regulan o primeiro ciclo da educación infantil e os requisitos dos centros.

O regulamento catalán ten algunha particularidade, en principio a denominación xenérica dos centros é a de “garderías” ou “escolas bressol”, (bressol en catalán significa berce).

Outra peculiaridade importante é a responsabilidade das corporacións locais, o Decreto afirma que a educación infantil do primeiro ciclo tense que impulsar en coordinación e colaboración cos concellos. De feito pódese delegar nos concellos as seguintes competencias:

a)As relacionadas co proceso de preinscripción e admisión dos nenos. (sempre feito sobre a normativa xeral de aplicación na admisión de alumnos nos centros educativos)

b)As relacionadas coa resolución dos expedientes de autorización, cese de actividades, de modificación da autorización e de revogación.

c)As relacionadas cos consellos de participación das garderías.

A norma permite tamén a organización e funcionamento de diferentes modelos, e horarios como recolle no punto 10.1 .

“(...)poden ofrecer de xeito regular e con unha programación adecuada un servizo educativo de menor frecuencia e atención horaria que o anterior a grupos estables de nenos dous ou máis días a semana, tres ou máis horas o día, dez ou máis meses o ano.” (Consejería de Educación y Universidades de Cataluña, 2006)

Neste aspecto a regulación con estar redactada no 2006, ser das primeiras, recolle unha particularidade certamente interesante ao posibilitar a creación e funcionamento de centros con outros horarios e frecuencias. As demais comunidades, no momento de redactar a súas normativas, lonxe de copiar esta interesante e flexible posibilidade, fixeron máis ben o contrario, acotando e restrinxindo o formato dos centros.

As ratios son as máis habituais en todos os centros (8;13,20), pero tamén nesta cuestión o decreto engade unha calidade:

“12.2 O centro establece a atención a os nenos de acordo co seu proxecto educativo e coa súa proposta organizativa, coa distribución de

grupos que en cada momento considera oportuna segundo os nenos que atenden e que equipa de profesionais de que dispoña.”

O tema paréceme certamente importante, nalgunha outra regulación se menciona a responsabilidade do titor sobre o seu grupo incluso nas actividades no exterior ou nas entradas e saídas. Neste caso o decreto deixa a discreción do proxecto e da proposta organizativa a distribución dos grupos, que non é pouco.

O decreto ten menos de 6 páxinas, pero demostra nesa concreción resultar suficientes para regular un ciclo educativo. O exceso de regulacións e lexislación sempre con excepcións, correccións e adicionais, resulta ser un defecto moi español, toda vez que nunca se consegue recoller toda a casuística que se pode producir nunha etapa infantil tan expansiva en canto a novas demandas, novas formas de crianza, novas necesidades, novas poboacións.

Dito isto, o decreto tamén redacta disposicións transitorias, pero se na maioría das comunidades se fai para engadir excepcións, no caso do decreto catalán regulan tempos para que os centros se adapten as novas normas.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Cataluña	36,4%	11,7%	38,6%	58,8%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 9. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

COMUNIDADE VALENCIANA.

O Decreto 2/2009, de 9 de Xaneiro, establece os requisitos mínimos que deben cumprir os centros que imparten primeiro ciclo da educación infantil na Comunitat Valenciana, e o Decreto 37/2008, de 28 de marzo, establece os contidos educativos do referido ciclo.

A normativa non recolle ningunha característica diferencial, de feito en canto aos contidos educativos nin os menciona, só no título. Destaca que as dotacións para a preparación de alimentos se regulen unicamente para o alumnado menor dun ano.

O decreto diferencia entre centros completos e incompletos e fai alusión a unha tipoloxía de centro certamente particular.

“Artigo 15. Centros incompletos que impartan toda a etapa

1. As instalacións dos centros que impartan toda a etapa da educación infantil e o primeiro ciclo estea composto por menos de tres unidades(...)

Na Comunidade Valencia poden existir centros que non sexan titularidade da Consellería de Educación senón dunha corporación local ou outra Administración Pública, neste caso para a súa creación se realizará mediante a subscripción de un Convenio entre a Consellería que ostente as competencias educativas e a outra Administración.

Nas disposicións adicionais destacan as autorizacións otorgadas con anterioridade que continuarán vixentes, establecen tamén unhas autorizacións provisionais nas que se contempla a posibilidade de:

“(...) a Consellería competente en materia de educación poderá autorizar para impartir o primeiro ciclo da educación infantil a centros cuxas instalacións non reúnan os requisitos establecidos no presente Decreto.”

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
C. Valenciana	25,3%	7,6%	25,8%	39,5%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 10. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

ESTREMADURA.

Regula o Ciclo tanto o Decreto-91/2008, de 9 de maio, polo que se establecen os requisitos dos centros que impartan o primeiro ciclo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Estremadura. Como o Decreto 4/2008, de 11 de Xaneiro, polo que se aproba o currículo de educación infantil para a Comunidade Autónoma de Estremadura.

Neste último, 47 páxinas de desenvolvemento curricular nos somerxen dende os inicios no máis institucional dos modelos, onde obxectivos xerais e específicos, áreas, competencias básicas, eixes transversais, contidos, bloques avaliación, principios metodolóxicos (aprendizaxe significativo, perspectiva globalizadora, principio de actividade, mediación dos adultos, aspectos afectivos e de relación, organización adecuada dos ambientes, colaboración e coordinación entre a comunidade educativa, carácter preventivo e compensador das desigualdades, individualización, novas tecnoloxías) sucédense nun continuo que de tan manido aos profesionais sóanos a oco, canto menos a min.

O Decreto 91/2008 con ser moito máis suscito é tanto o máis interesante. Como en todos os anteriores faise mención a importancia da educación temperá como correctora de desigualdades e recorda tamén a función de conciliación da vida laboral e familiar en especial para a muller.

Xa no artigo 2 atopamos unha das súas peculiaridades, que non o é tanto, por que xa se daba en Cantabria e as atoparemos en outras comunidades:

“2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación do presente Decreto os servizos ou establecementos de ocio, atención ou coidado de menores, de cero a tres anos, que non impartan contidos educativos.”

Os requisitos mínimos volven a ser similares a calquera outra regulación, e tamén de novo os artigos sobre a creación de centros incompletos permite que estes requisitos mínimos sexan en realidade unha proposta de máximos, pois todo o que queira incumprilos só ten que crear un centro incompleto coas condicións que decida.

Sorprende a importancia que lle parecen darlle a primeira infancia:

“ a adecuada atención educativa a infancia dende os primeiros anos da vida, é considerada pola Xunta de Estremadura dunha importancia determinante para o desenvolvemento da personalidade e das capacidades futuras das persoas.” (Consejería de educación de Extremadura, 2008)

Digo que sorprende pois Estremadura ten a taxa netas de “escolarización”³ nos nenos de 0, 1 e 2 anos (táboa 11.) máis baixa de todas as Comunidades para o curso 2011-12. Para os nenos menores dun ano a taxa é do 1,3%, para os nenos dun ano de 3,1, e para os nenos de dous anos de 5,5. En total unha media para todas as idades de 3,3%.

Case que hai unha relación inversa entre o número de páxinas das regulacións do ciclo e o porcentaxe de poboación atendido, aló menos con Cataluña.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Estremadura	3,3%	1,3%	3,1%	5,5%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 11. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

³ Expresión empregada polo Ministerio de Educación.

MADRID.

A Comunidade Autónoma de Madrid exercendo o seu dereito regula os requisitos mínimos dos centros que imparten primeiro ciclo no seu ámbito de competencia a través do Decreto 18/2008 de 6 de Marzo e o Decreto 17/2008 tamén de 6 de Marzo polo que se desenvolve para a Comunidade de Madrid as ensinanzas da educación infantil. O Decreto 134/2008, de 28 de Agosto, do Consello de Goberno, polo que se regula o orzamento do primeiro ciclo de educación infantil na Comunidade de Madrid.

Esta serie de novas regulacións do primeiro ciclo resultaron moi controvertidas pois os centros de primeiro ciclo de Madrid gozaban dunha normativa moito máis adecuada no que se refire a número de profesionais por unidade e número de nenos en cada grupo. De 12 nenos/as por grupo de 1 a 2 anos pasa a 14, e de 16 nenos/as que tiña a ratio no grupo dos maiores pasa a 20 nenos/as.

Esta regulación así como trocos nas políticas de concertos con centros ou modificación nas bases de adxudicación de novos centros, segundo denuncian, con prioridade polas condicións económicas das ofertas, produciu un profundo malestar entre o colectivo de profesionais que fanse oír na Plataforma de Madrid pola Defensa do 0-6.

O mesmo que outras comunidades, por exemplo Extremadura, Madrid aproveita a concreción do artigo 92.1 da LOE o referirse o tipo de profesionais cando di:

“(...)a atención educativa directa aos nenos do primeiro ciclo de educación infantil correrá a cargo de profesionais que posúan o título de mestres coa especialidade en educación infantil ou o título de grao equivalente, no seu caso, de outro persoal coa debida titulación para a atención aos nenos e as nenas desta idade”

Como o artigo 14.7 da LOE establece que as administracións educativas regularán os requisitos que teñan que cumprir os centros que impartan 1º ciclo. Algunha Comunidades Autónomas pasou a definir este tipo de profesionais. Esta discrecionalidade da lei foi corrixida no Real Decreto 132/2010 de 12 de Febreiro polo que se establece os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Como é fácil observar o Real Decreto non fala dos centros de primeiro ciclo pero as presións dos colectivos de profesionais sobre o ministerio permitiron redactar o punto 1 do artigo 8:

“A atención educativa no primeiro ciclo de educación infantil correrá a cargo de profesionais que posúan o título de Grao que habilite para o exercizo da profesión de mestre en educación infantil, o título de mestre coa especialidade de educación infantil, e o título de técnico superior en Educación Infantil regulado polo Real Decreto 1394/2007 de 29 de Outubro” (Ministerio de Educación, 2010)

Con todo o Real Decreto é criticado por discriminatorio, confuso e equívoco.

O Decreto madrileño dos requisitos mínimos non engade ningunha información relevante o 0-3, con condicións moi similares a outros decretos, xusto o contrario, perpetua cando non empeora condicións que son manifestamente mellorables. Entre as especificidades permite “aulas” de 18 m², patios de 30 m², e autoriza como zona de xogo:

“(…) autorizarse como zona de xogos un espazo o aire libre debidamente vixiado e acondicionado, inda que non sexa de uso exclusivo, ou incluso unha superficie pública de esparcemento, sempre e cando estean situadas nas proximidades do centro e que no desprazamento dos nenos ata eles non sexa necesario atravesar ningunha vía con tráfico rodado, incluídas saídas de garaxes, a fin de garantir a súa seguridade.” (Consejería de Educación de la Comunidad de Madrid, 2008)

Abre a posibilidade a “profesionais que estean habilitados pola Administración Educativa para impartir primeiro ciclo de educación infantil.”

E na disposición adicional permite que: “1. Por necesidades vinculadas as demandas das familias e de xeito excepcional, poderán autorizarse agrupamentos de nenos do primeiro e do segundo ciclo de educación infantil.” e incluso: “(…) poderán autorizarse centros dunha soa unidade que agrupe nenos de ambos ciclos.”

Outras disposicións da Comunidade de Madrid sobre a atención na primeira infancia, como o Decreto 134/2008, de 28 de Agosto, polo que se regulan os orzamentos do primeiro ciclo de educación infantil, permitenme obter información da existencia non só de escolas infantís na Comunidade senón tamén de Casas de Nenos, as dúas tanto dependentes directamente da Comunidade ou de outra Administración, así como publicas, privadas, ou privadas con convenio, todo unha serie de rede entretecida como sucede en todo o país.

Con todo, Madrid é unha das comunidades que máis porcentaxe de nenos/as atende a estas idades (táboa 12.), aspecto máis importante tendo en conta as características demográficas da súa poboación, que podería xustificar parte das diferenzas porcentuais entre idades. Aínda que como podo comprobar nos totais para o territorio español este diferencial prodúcese no conxunto do estado, 40 puntos entre os porcentaxes de atención dos nenos de 0 anos e os de 2 anos.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Madrid	43,3	15,4	45,2	67,3
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 12. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12 Fonte: MECyD

MURCIA

Na Comunidade Autónoma Rexión de Murcia a finais do 2013 aínda non se ten regulado o primeiro ciclo de educación infantil.

Existe, iso si, unha Resolución de 16 de xuño de 2010 da Dirección Xeral de Centros, pola que se ditan instrucións sobre a aplicación aos Centros de primeiro ciclo da educación infantil, do contido do artigo 5.2 do Real decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, e a educación primaria (...) e do artigo 10 e disposición adicional cuarta do Real decreto 1004/1991, de 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeneral non universitarias.

Devolven polo tanto a pelota o tellado do Ministerio e aplican aos centros de primeiro ciclo o famoso, entre os especialistas de educación infantil, incumprido Decreto 1004, para moitos a mellor regulación da etapa, para outros a base de moitas excepcións que agora se consolidan. (patios fora dos recintos e en parques públicos, centros incompletos, moratorias...)

De tódolos xeitos e ata onde eu coñezo o Consello Escolar da Rexión de Murcia redactou o ditamen 29/2010 ao Proxecto de Decreto para determinar o currículo, e establecer os requisitos mínimos que deben reunir os centro, a finais do 2013 descoñezo si ese Proxecto de Decreto chegou a desenvolverse o que coñezo e que a Rexión de Murcia ten redactada unha Resolución de 15 de abril de 2013 da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Educativa sobre o calendario de actuacións do procedemento de admisión de nenos/nenas nas escolas infantís que imparten o primeiro ciclo de educación infantil, dependentes da Consellería de Educación, Formación e Emprego e nas Escolas Infantís Municipais creadas no marco do Plan Educa3.

Regulada por unha Orde de 15 de Maio de 2012 pola que se modifica a Orde de 27 de maio de 2011 sobre admisión de nenos e nenas nas escolas Infantís que imparten primeiro ciclo de educación infantil, dependentes da Consellería de Educación. Nesta Orde tamén se recolle algunhas das condicións e requisitos mínimos que debería regular a Comunidade, así:

“Artigo 19.- Determinación de prazas vacantes.

1. Para a determinación de prazas vacantes(...) tomarase como referencia o número máximo de alumnos por unidade establecido nos apartados seguintes:

2. en xeral, os centros terán, como máximo, o seguinte número de prazas por unidade escolar:

- a) Unidades para nenos menores dun ano: 8 prazas.
- b) Unidades para nenos dun a dous anos: 13 prazas.
- c) Unidades para nenos de dous a tres anos: 20 prazas.

3. Os centros dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación, terán, como máximo, o seguinte número de prazas por unidade escolar:

- a) Unidades para nenos menores dun ano: 6 prazas.
- b) Unidades para nenos de un a dous anos: 10 prazas.
- c) Unidades para nenos de dous a tres anos: 16 prazas.”

(Consejería de Educación, Formación y Empleo de la Región de Murcia, 2011)

Como saído da nada atópome coa regulación máis equilibrada en canto a numero de prazas por unidade escolar de todo o país e a única que se aproxima a ratios da maioría dos países europeos.

De novo, no que se refire a primeira infancia e a súa regulación un non deixa de sorprenderse o encontrar nos documentos máis insospeitados as normativas sobre o mesmo. Unha comunidade que renuncia e incumpre a súa obriga de desenvolver a lexislación en referencia o primeiro ciclo, “se saca da manga” a mellor regulación en canto ratio neno/adulto.

Por outra banda a Consellería de Política Social, Muller e Inmigración, establecía as bases reguladoras para a concesión de subvencións periódicas destinadas a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar mediante o “Pequecheque”..

As axudas están dirixidas para nenos maiores de 4 meses e menores de 3 que estean inscritos nun Centro ou Punto de Atención a Infancia da rede rexional e que a familia cumpra os requisitos de ser residente en Murcia traballen os dous, un traballe e outro este facendo cursos de formación oficial, que sexa familia monoparental ou que a familia se atope nunha situación socio-familiar grave e con rendas per cápita iguais ou inferiores a 12.000€.

Con Orde de 24 de Xuño de 2011 se declara a imposibilidade material de terminación do procedemento de concesión das subvencións convocadas para os períodos de 2009 e 2010 deixando sen efecto.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Murcia	15,6%	3,2%	14,9%	27,0%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 13. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

NAVARRA.

A comunidade Foral de Navarra publica o Decreto Foral 28/2007, de 26 de Marzo, polo que regula o primeiro ciclo de educación infantil na Comunidade Foral de Navarra e se establecen os requisitos que deben cumprir os centros co imparten, así como os contidos educativos do mesmo.

O Decreto o mesmo que Cantabria, Estremadura e Madrid, exclúe os servizos ou establecementos de ocio, atención ou coidado de nenos de 0-3 que non reúnan os requisitos e condicións establecidos neste Decreto Foral. Estes establecementos rexéranse polo que establezan os organismos públicos competente, en moitos casos unha simple licenza municipal de actividade comercial.

En canto as condicións mínimas son moi similares as outras, destacando a esixencia de ventilación natural e directa dende o exterior nos dormitorios. Permite como noutros casos o uso de espazos de recreo ou patio unha praza pública.

A sala de usos múltiples non é obrigatoria se o centro ten menos de 3 unidades.

Conta cun apartado de normas de seguridade.

En canto a titulación dos profesionais mostrase igual de ambiguo que a propia redacción da LOE “..no seu caso, de outro persoal coa debida titulación para a atención aos nenos desta idade.”

A ratio é, xunto coa de Murcia, das que regula menos número de nenos por unidade, no caso de Navarra as unidades de nenos menores dun anos teñen a ratio máis “popular” de 8 nenos/as por unidade; nos nenos de 1 a 2 anos a ratio se sitúa en 12 nenos, inferior a moitas das outras CC.AA igual que para os nenos de 2 a 3 anos que na maioría das outras Comunidades se regula nun máximo de 20 en Navarra este se reduce a 16.

As cifras de nenos atendidos en estas idades son das máis baixas do Estado (táboa 14.) xunto con Estremadura, Canarias, Ceuta, claro que inda que a razón principal non sexa a menor ratio por unidade se que serve para facer a reflexión sobre a cantidade e a calidade. En xeral España presenta unhas cifras moi parecidas o resto dos países da Ue-27 no tramo de 0-3 anos pero a consta dunhas ratios que en moitos casos duplican e ata triplican as de algúns países.

Conta cun anexo cos contidos educativos do primeiro ciclo cos estrutura en ámbitos de desenvolvemento e experiencia, definindo 5 grandes ámbitos:

- Ámbito 1- Afectos e relacións sociais.
- Ámbito 2- O corpo.
- Ámbito 3- Descubrimento do medio físico e social.
- Ámbito 4- Comunicación e linguaxe.
- Ámbito 5- Expresión corporal, musical e plástica.

En cada un deles se enumeran de 10 a 20 contidos, e afortunadamente non se fai alusión a avaliación.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Navarra	10,5%	4,1%	11,1%	16,3%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 14. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12 Fonte: MECyD

PAÍS VASCO.

O País Vasco regula as escolas infantís no Decreto 297/2002 que corrixe e amplía co Decreto 215/2004, a regulación e desenvolvemento do currículo do 1º e do 2º ciclo faise a través do Decreto 12/2009.

Xa no Decreto de 297/2002 se recolle a diversidade de tipoloxías de centros que atenden aos nenos e nenas destas idades, escolas infantís municipais, garderías privadas, garderías dependentes de entidades sen ánimo de lucro, aulas para a escolarización de nenos e nenas de dous anos en centros públicos e en centros privados...

As condicións mínimas, ratios e requisitos de persoal son moi similares a outras comunidades pero chama a atención que os decretos, a excepción do referente ao currículo, o asignen o Lehendakari, como é preceptivo, a Conselleira de Educación, Universidades e Investigación, o Conselleiro de Vivenda e Asuntos Sociais, o Conselleiro de Xustiza, Emprego e Seguridade Social e o Conselleiro de Agricultura e Pesca, xa que o Decreto está inxerido nun plan Interinstitucional de Apoio as Familias con fillos e fillas.

Este carácter e visión multisectorial ou transversal dos centros de primeira infancia resulta novedosa e o meu entender moi adecuada, sorprende que redactada dende o 2002 non tivera máis reproducións noutros contextos.

O texto do 2002 nace con carácter transitorio, dous cursos, pero establece as bases do que será o decreto definitivo, adopta os requisitos e as condicións do Real Decreto 1004, incluídas as adicionais e as transitorias, mellora un pouco as ratios, en 1a 2 anos 13 nenos e en 2 e 3 anos 18 nenos. Regula xa, a convocatoria dun sistema de axudas económicas para as de titularidade privada e fai mención a un programa específico de formación e reciclaxe para o persoal.

O Decreto definitivo conserva moito do articulado do anterior pero advirte da baixada da intensidade en canto as axudas económicas ás escolas de titularidade privada.

Como a LOCE deroga o Decreto 1004, a Consellería considera que debe regular os requisitos mínimos dos centros e así o fai.

O patio queda para uso exclusivo dos nenos/as cunha superficie mínima de 75 m², salas no inferiores a 30 m² e espazos diferenciados para o descanso e a hixiene pero relacionados a efecto de visibilidade co resto de dependencias. Continua regulando os cursos de formación considerando que levará convocados cursos suficientes, cando queden vacantes nalgũa convocatoria máis do 20% das prazas.

Resulta orixinal o xeito de interpretar o carácter educativo asistencial destes centros: a atención educativa refírese aos nenos e nenas, a función asistencial é a dirixida as familias coa finalidade de favorecer a conciliación da vida familiar e a vida laboral.

As cifras de nenos atendidos son espectaculares, chegando o 91,3% nos nenos de 2 anos, (táboa 15.)

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
País vasco	51,9%	21,8%	46,3%	91,3%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 15. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12 Fonte: MECyD

A RIOXA

O Decreto 49/2009, de 3 de Xulio, regula a organización do primeiro ciclo de educación infantil, fixa os seus contidos educativos e establece os requisitos dos centros que imparten dito ciclo na Comunidade Autónoma da Rioxa.

Propón no decreto “(...)satisfacer as necesidades xurdidas en relación coa atención dos nenos e nenas de cero a tres anos, fomentando a creación de centros dedicados o seu coidado e educación tendo en conta os principios de igualdade de oportunidades.”

Recoñece como finalidade dos centros de cero a tres anos “(...)é dar resposta as necesidades dos nenos e as súas familias co fin de que estas podan conciliar a vida familiar e laboral e os nenos podan adquirir os hábitos e destrezas propios da súa idade.”

Sorprende que:

“ 3. Os nenos excepcionalmente, poidan permanecer escolarizados no primeiro ciclo da educación infantil un ano máis dos tres que o constitúen, cando o ditame de escolarización así o aconselle, previa autorización expresa da dirección Xeral competente en materia de escolarización de alumnos.” (Consejería de Educación, Cultura y Deporte de la Rioja, 2009)

O apartado é realmente confuso, e cando menos atrevido. Está a falar do que comunmente coñecemos como “repetir curso”, en primeiro ciclo de ensino, nun ensino non obrigatorio, o que supoñería cando menos retrasar nun ano o ingreso na escolarización obrigatoria, só cando o ditame de escolarización o aconselle, en base a qué? Non o deberían autorizar os pais antes que a dirección Xeral competente?, especialmente cando se fai tanto fincapé na responsabilidade fundamental destes cos seus fillos. Sen dubida, e copie e pega dun articulado do 2º Ciclo de educación infantil avaliador e segregador que xa máis dunha vez cando se quixo aplicar demostrouse inviable.

Coma sempre os requisitos xerais de instalacións e de ratios case calcados cos do País Vasco vense modificados pola disposición Adicional Segunda referente a centros que imparten o primeiro ciclo con especiais características.

Pero, aínda que lixeiras, nos requisitos mínimos xa se producen modificacións, por exemplo cando fala das habilitacións do persoal di: “(...) así como calquera outro título declarado equivalente académica e

profesionalmente, a algún dos anteriores.” Ou no caso das ratios que eleva a 20 nenos no grupo dos maiores.

O Decreto conta cun Anexo de contidos educativos do primeiro ciclo no que “(...) as actividades relacionadas cos coidados básicos converteranse nas unidades de programación da acción educativa.”

O anexo esténdese describindo os ámbitos de actuación por medio de obxectivos, contidos e criterios de avaliación en cada un deles.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Rioxa, A	15,7	5,4	17,0	24,6
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 16. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12 Fonte: MECyD

CEUTA E MELILLA.

Fixadas polo goberno as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil no Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, correspóndelle o Ministerio de Educación e Ciencia determinar, para os centros que pertencen o seu ámbito de xestión, o currículo da educación infantil, do que formaran parte as ensinanzas mínimas fixadas no citado real decreto para o segundo ciclo.

O currículo é establecido na Orde ECI/3960/2007, de 19 de decembro, que é o que todas as CC.AA teñen que desenvolver no seu ámbito competencia, pero que o Estado non fai para Ceuta e Melilla.

Iso si, firma diversos programas de compensación territorial nos que se inclúen os centros de primeira infancia con influencia diversas na consolidación dos servizos a tenor dos porcentaxes de nenos atendidos nunha e outra praza, táboa 17.

	0-2 anos	0 anos	1 ano	2 anos
Ceuta	3,8%	0,9%	4,1%	7,0%
Melilla	17,8%	4,3%	16,4%	37,2%
Total España	30,7%	9,7%	31,0%	49,8%

Táboa 17. Taxas netas de nenos/as en centros autorizados polas administracións Educativas no curso 2011-12

Fonte: MECyD

